

## Tesouros

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *O tesouro de Pierre de Villaines*

*Ou a historia de como este tesouro chegou a Ribadeo e acabou facendo rico e tamén causándolle a morte a Antonio Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos.*

Pierre le Bègue de Villaines era normando, cabaleiro mercenario que por favores que lle prestou na guerra sucesoria ao rei de Castela, Enrique II, este pagoullos nomeándoo primeiro conde Ribadeo o 20 de decembro de 1369. Tal título supoñía posesións, rendas e mando en praza ata que vendeu o condado na década final do s. XIV. Logo a coroa de Castela recuperou e vendeu o condado varias veces ata que en 1431 o rei Juan II llo concede “con su castillo e fortaleza e tierra e distrito e término e territorio e aldeas e lugares e vasallos” a Rodrigo de Villandrado. Desde entón, por dereitos sucesorios non exentos de conflitos, chegou á Casa de Alba, que aínda ostentan o título honorífico na actualidade.

Un curioso privilexio dos condes de Ribadeo era o de poder comer á mesa cos reis de Castela e León, e o de poder vestir a roupa que os monarcas vestisen para celebrar a circuncisión de Xesús o primeiro día de cada ano.

#### **O tesouro**

Segundo a versión da lenda que manexamos, Pierre de Villaines instalouse en Ribadeo, disque puxo casa onde hoxe está o Forte de San Damián e trouxo canda si unha fortuna acumulada como mercenario que, por seguridade, soterrou nunha cova no sochán da

mansión. E alí estivo o tesouro, e alí quedou, parece que a mantenta, cando o señor de Villaines vendeu o condado.



Segundo unha das fontes[1] desta historia, o tesouro permaneceu oculto uns 400 anos ata que a casualidade xogou a favor do futuro Marqués de Sargadelos.

Cando Antonio Reimundo Ibáñez traballaba como mordomo na Casa de Guimarán atoparon uns documentos do s. XIV na biblioteca, entre eles un cun debuxo e unhas letras que parecían de puño e letra do normando. O papel dobrado, datado en 1397, dicía que abandonaba o tesouro para que o atopase no futuro algún home excepcional.

As suposicións son que Ibáñez deu co tesouro, despediuse como empregado da Casa de Guimarán e comezou a impresionante carreira como industrial e potentado que foi.

Non se sabe como, disque algún empregado de Sargadelos que soubo da existencia do tesouro promoveu o asalto ao pazo de Ibáñez en Ribadeo (actual casa do concello), e aquí comezou o que acabou co seu linchamento en Dompniñor o 2 de febreiro de 1802.

Do tesouro, ou o que del quedase, non se sabe. E iso que en 1809 fixeron voar o Forte de San Damián a ver se daban con el[2]. Pero nada de nada!

[1] J. López Rico: *Libro das Festas da Patrona de Ribadeo*, 1982.

[2] *Coñecer a costa de Ribadeo. Lendas, historias, tradicións, sucesos... na nosa costa*, Alumnado do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo, s/d.